

Un percorrido sorprendente polo histórico río Sarela de Compostela

Esta obra será todo un agasallo para os amantes da natureza, da historia e da nosa riqueza fluvial e etnográfica. Percorre os dez quilómetros do río Sarela de Santiago descubrindo unha paisaxe inédita e un patrimonio único. A través de máis de cen fotografías, inclúe tamén un detallado mapa onde localizar todos os contidos.

Santiago de Compostela, verán, 2022.- O río Sarela representa –cos seus pouco máis de **dez quilómetros de camiño** dende o seu nacemento preto de Pardaces ata a desembocadura no río Sar en Vidán– unha **parte fundamental da personalidade, e da historia, de Santiago de Compostela**. Non obstante, as súas poéticas augas e a súa riquísima contorna seguen a ser hoxe unhas grandes **descoñecidas**. Por esta razón, a presente obra, *Sarela. Paisaxe cultural* (Alvarellos Editora-Consorcio de Santiago, 2022), de José Manuel Ortigueira, será todo un descubrimento.

Poderemos gozar dun patrimonio histórico que nos sorprenderá dende o inicio: como os esquecidos **petróglifos**, ou **pontes** tan singulares como a dos Tres Ollos ou a da Burata, a historia das lavadeiras ou as **17 fontes e ata 50 muíños** rexistrados no seu percorrido. A carón disto, a riqueza natural, a flora e a fauna, pois o Sarela agasállanos con **verdadeiros bosques de ribeira** que acollen un ecosistema natural único.

Esta paisaxe complétase coa singular historia industrial do río. Durante o século XIX, arredor das súas augas funcionaron ata **15 fábricas de curtidos**, nun tempo no que Compostela chegou a ser a capital da industria do coiro en España.

Toda esta documentación preséntase dun xeito áxil e didáctico, enriquecida **con máis de 100 imaxes e ilustracións –actuais e históricas–**, ademais dun detallado mapa que nos permite situar todos eses lugares citados e camiñar; guía en man, por unha «nova» Compostela fluvial.



FICHA TÉCNICA.- Páxinas 180. Formato: 20 x 19 cms.
ISBN 978-84-18567-23-0. PVP: 24, 00 €

José Manuel Ortigueira Bobillo naceu en Rairiz de Veiga (Ourense) en 1960 e dende 1985 reside en Santiago de Compostela. É enxeñeiro agrónomo e máster en dirección de empresas, e ten dirixido diversos proxectos culturais relacionados coa paisaxe e a fotografía. Entre eles, as exposicións *Compostela Única* (2013) e *Camiño de Inverno. De Ponferrada a Compostela* (2020), que contaron con cadanseu libro-catálogo, ou a organización das Xornadas Internacionais de Paisaxismo (1991). Así mesmo, é autor do libro *Casos prácticos sobre análise de inversións y financiación de pymes. Desafiar la miopía empresarial* (2004). A súa vida profesional está centrada no desenvolvemento industrial e tecnolóxico de Galicia, a través das sociedades públicas autonómicas Sodiga e Xesgalicia.

Contacto co autor : joseortigueira@gmail.com

